

BARULLO

Únete ao Barullo e publica connosco no Barullo nº5!

A convocatoria permanecerá aberta entre o luns 20 de xullo e o sábado 1 de agosto do 2020. Para participar é necesario enviar unha mensaxe ao correo —sentacto@barullo.ga—, anexando unha descrición de entre cincuenta e cen palabras de quen es e das liñas centrais do teu traballo para o noso *portfolio* na web, así como o material que desexes publicar.

En liñas xerais, a descrición deberá conter o teu nome ou pseudónimo artístico, o campo no que traballas e unha breve descrición da túa carreira: estudos, intereses, e proxectos realizados, en curso ou futuros. Podes ollar algúns exemplos aquí <https://dixital.barullo.ga/index.php/portada/>.

Agradécese o envío de dúas ou máis pezas, xa que contamos con diferentes espazos a encher dentro do fanzine escrito e pretendemos manter certa coherencia temática entre as publicacións escritas e visuais.

Orientacións xerais sobre os contidos a enviar:

- **Respectuoso.** Barullo dá voz a todo tipo de formas de creación e contidos, dentro sempre do respecto. Non aceptaremos nin tomaremos en consideración ningún tipo de contido machista, patriarcal, LGTBIfóbo, racista, xenófobo, ou que, en liñas xerais, atente contra os Dereitos Humanos.
- **Se é escrito, editable.** No caso de ser material escrito, precisamos que sexa enviado en formato *.odt*, *.docx* ou calquera outro formato editable coa fin de facilitar as tarefas de edición. É aconsellable que os ensaios, artigos de opinión, crónicas, relatos e demais textos non poéticos teñan unha extensión en palabras que sexa múltiplo de 200, podendo acadar como máximo as 800 palabras. No tocante aos textos de poesía, recoméndase que estas non excedan os 30 versos.
- **Se é visual, en alta resolución.** No caso de tratarse de imaxes, e para así manter a máxima calidade nas publicacións, pedimos a máxima resolución posible. De ser orixinais, recomendamos que estean escaneadas, aínda que é posible aceptar fotografías de estar nunha calidade axeitada. En caso de calquera tipo de problema coas imaxes, existe a posibilidade de recibir axuda por parte do equipo de Barullo para o fotografado da obra ou para o seu posterior

BARULLO

tratamento mediante Photoshop. Bastará con solicitalo no mesmo correo.

- **Idioma.** Barullo entende a dinamización da lingua galega como parte fundamental da súa labor cultural. É por iso que se buscará publicar, o maior número de publicacións en galego como sexa posible e tendo como mínimo un número similar de publicacións en galego como en castelán. A escolla ortográfica é libre, tanto en galego como en castelán, malia que a liña oficial usada polo fanzine é o galego na proposta pola Real Academia da Lingua. Dentro das achegas en galego, as diferentes variantes dialectais e internacionais son benvidas. Dentro dos textos en castelán, a escolla ortográfica será tamén libre, sen ter que seguir, necesariamente, as normas da RAE, e aceptando localismos propios doutras zonas hispanofalantes.

Contribución ao fondo común

Para a publicación nun número do fanzine en papel, será necesaria unha contribución ao fondo común do proxecto de 5 euros. Esta axuda simbólica comportará unha copia do número do fanzine. A mencionada achega simbólica non deberá ser abonada pola autora unha vez esta sexa publicada catro veces en diferentes números do fanzine, pois será de balde. Dende este momento, a creadora estará incluída dentro das canles de comunicación da comunidade e contará co apoio de Barullo para a difusión da súa obra.

Cabe tamén a opción de abonar 20 euros nun só prazo, obtendo automaticamente os beneficios que anteriormente se describen, sen necesidade de ter publicado en catro edicións.

Nota

O envío do material non implica a súa publicación inmediata no seguinte número impreso do fanzine. Toda publicación, tanto na edición dixital como na impresa, comporta o aviso á autora. No caso de ser en papel, a publicación comportará unha copia do número do fanzine gratuíto. Queda a decisión do equipo de Barullo a publicación do material almacenado con anterioridade, previo aviso á autora.